

M Castelo de Monterrei

El sonoro nombre de Monterrey repetido en la toponimia de la América conquistada fue de los más ilustres de la nobleza. (...) La fortaleza, centro un día de cultura y enseñanza, una acrópolis de hidalguía y letras erigida sobre la próspera llanura, figura mucho en la guerras portuguesas del siglo XVII. (...) Defensora de uno de los accesos a Galicia.


Ramón Otero Pedrayo



A maior acrópole de Galicia

Esta monumental fortificación na que se asentaron as liñas dos Ulloa, os Zúñiga, os Biedma, os Fonseca, os Acevedo e os Duques de Alba, foi un enclave estratéxico desde a Idade Media na defensa da fronteira entre o Reino de Galicia (integrado na Coroa de España) e o Reino de Portugal. Foi bautizada como a acrópole máis grande de Galicia, e está formada por tres recintos amurallados sobre unha alongada loma natural. Desde a fortaleza, que exerce de faro monumental visible desde toda a bisbarra, dominase desde a Serra do Invernadoiro ata a de San Mamede, pasando polas montañas de Laza e as vías naturais de tránsito procedentes de Portugal á beira do río Tamega, do interior de Galicia e de Castela.

Na Idade Moderna construíronse dous recintos abaluartados que encerraban os conventos de franciscanos e xesuítas, baixo a dirección dos enxeñeiros militares do rei Felipe IV. A función militar do conxunto fortificado complementouse coa importante vida cultural da pequena corte nobiliaria, na que se imprimiu o primeiro incunable galego (o Misal Auriense ou de Monterrei, que se conserva na Catedral de Ourense) e impartíase docencia en gramática, artes e teoloxía a centos de estudantes.




Palacio dos Condes

É un edificio renacentista no que destacan as súas galerías brasonadas e a Torre das Damas. O palacio, que data dos séculos XVI e XVII, foi reconstruído no ano 1969 e está formado por dúas fachadas nobres; a que mira ao patio de armas ten dous corpos, o inferior definido por un conxunto de dez arcos escarzanos apoiados en columnas de sección octavada. Sobre este pórtico, unha galería aberta de granito protexida por un peitoril do mesmo material.

A fachada orientada ao sueste presenta unha galería de tres corpos, cada un deles organizado en cinco arcos rebuxados e levemente apuntados. O andar superior opta por arcos deprimidos, mentres que o máis elevado –que soporta o alero do tellado– prescinde deles por completo. Os andares elevados protexen aos residentes con peitorís macizos de granito. Nun lateral un machón no que se abre un balcón vando e separa o corpo anterior dunha nova galería que comunica co patio de armas superior. Seica desde el, Pedro O Cruel, a mediados do século XIV, contemplaba fascinado o horizonte inspirado polo amor da condesa, unha de tantas lendas románticas que se inspiran nas fortificacións medievais.



O palacio a principios do século XX



Alzados de Felipe Pascual
Espárriz previas á reforma de 1962.

Idade Media


Recinto fortificado oval que contén a Torre de Don Sancho, o palacio e torre das Damas, a Casa Reitoral e a Igrexa de Sta María de Graza. Está cerrado por unha muralla reforzada con torreóns circulares e dotada con ameas (saíntes en forma de prisma que coroan as murallas para cubrir a posición dos soldados que defenden a praza), seteiras (occos estreitos que permiten lanzar setas ou frechas cun arco) e besteiras (occos ideados para disparar bestas, un arco apoiado nunha curenia que dispara frechas máis curtas, precisas e potentes que as dos arcos). Estas construcións débense en gran medida a Sancho Sánchez de Ulloa, primeiro Conde de Monterrei.

Torre de Don Sancho

Tamén recibe o nome de Torre Nova porque foi levantada despois da Torre das Damas, a torre da homenaxe primixenia. No lintel da súa porta lemos:

Esta / Torre mandaron faser Don Sa(n)cho de Ulloa / e Dona Teresa De Zúñiga su muger conde / e condesa de Mo(n)terrey. acabose an(n) o de / mil e CCCC e LXXX e II an(n)os

Pero a documentación antiga permite concluir que a torre non se levantou totalmente ex novo en 1482 como asegura a inscrición, senón que boa parte dela se trasladou e reedificou procedente da vila fortificada de Ombra, situada a 7 km ao sur do castelo de Monterrei.




Aspecto da torre a mediados do s. XX, nun período no que estaba coroada por unha espaluga



Igrexa de Santa María de Graza

É un templo tardío románico, construído en 1274, que destaca pola súa portada secundaria e polo retablo románico de granito que se sitúa na Capela dos Condes, no que se narra a paixón de Cristo ao longo de doce escenas. Tamén destacan os arcos sepulcrais, pinturas do século XIV e unha imaxe da **Virxe grávida**. Tamén aliorrelievos con vicieiras que representan o camiño de Santiago, aínda que tamén nos fan lembrar as valvas de ostra e vieira atopadas nas escavacións realizadas no palacio, mostros dunha alimentación excepcional propia dunha minoría privilexiada. Ampliada entre os séculos XIV-XV, posúe unha soa nave cuberta de madeira e ábsida rectangular con bóveda de cruzaría. Tamén destacan no artístico a portada norte, unha representación do paraíso adornada con animais, plantas e anxos.



Idade Moderna

Recinto fortificado en forma de estrela, con garitas vixía nos seus ángulos. O segundo cinto defensivo construíuse con motivo da guerra hispano-portuguesa, aplicando os coñecementos de defensa militar da época, levantando muros escarpados e cortinas coroadas por canoniciras.

O terceiro recinto data de finais do século XVII, coincidindo coa secesión de Portugal. É de menor calidade que o anterior, e os seus accesos sitúanse nas portas de San Francisco (ao norte) e do Sol (ao sur), dando acceso aos respectivos conventos de franciscanos e xesuítas. Este recinto foi ideado como complemento das murallas, que se reforzaron con muros escarpados e cunha atalaia, un edificio defensivo de planta cuadrangular situado a 550 m ao noroeste da fortaleza que mellora a protección do complexo amurallado, así como da fonte que se sitúa entre ambos. Nas esquinas presenta miradoiros en ángulo de pedra apoiados sobre grandes canzoros.



Torre das Damas

Construída no século XIV, ten catro andares e loce xanelas románicas e unha cornixa de modillóns de triplo arco soportado por un matacán granítico.

Patio de armas

Nel sitúase o alxibe ou cisterna, un espazo subterráneo comunicado co Palacio das Damas por medio dun túnel e unha escaleira que serviu para acumular auga de chuva, así como de prisión extrema.


Casa reitoral

Foi erixida como residencia do párroco, aínda que nela tamén viviu o gardador militar.



Hospital da Trindade


Construído polo abade Vasco Peres, que deixou memoria da súa iniciativa na fachada do monumento en letas góticas. Este tipo de obras formaba parte da acción benéfico-social da nobreza medieval para cubrir mínimamente as necesidades dos máis necesitados. Nel represéntase o Cristo Redentor rodeado dos Evanxelistas: San Marcos (león), San Lucas (touro), San Xoán (aguiña) e San Mateo (home). A construción do hospital iniciouse en 1429, tres anos antes de que a vila pasase das man do Rei a señorío condal. En 1753 díciase que a vila contaba cun "hospital para recoger y curar pobres, así vezinos como forasteros transeúntes de que es mantenedora y patrona la excelentísima señora Duquesa de Alba".



Porta do Sol coroada polo escudo do Conde de Monterrei. Ao fondo, a portada do hospital

Colexio dos Xesuítas


Situouse primeiro dentro da acrópole, para logo, en 1555, ocupar un edificio propio no lugar no que se construíu o Parador de Turismo. Durante as obras de construción atopáronse varias sepulturas antropomorfas que se conservan no castelo. González de Ulloa dixo del que "era de bella fábrica; sobre todo la iglesia está hecha al modelo del Colegio Imperial de Madrid". Os Xesuítas instaláronse na fortaleza baixo o amparo do III Conde de Monterrei, Alonso de Acevedo, impartindo clases de gramática, artes e teoloxía, inicialmente a 23 escolares. En 1590 o alumnado ascendía a 1.200 segundo o Padre Astrain. Puido ser este colexio a segunda universidade galega, contando en épocas con máis alumnos que Santiago. Coa expulsión dos xesuítas no ano 1767, o Colexio sofre espolio e ve dispersado o seu patrimonio.



Cruceiro

Cruceiro sen figuración de fuste estriado elevado sobre unha triple grada que loce un curioso e infrecuente capitel oval. Presenta unha inscrición na que lemos:

ESTE CRUCEIRO -ICO JV SOTELO - PA EL CONVENTO - ANO DE 1636 -



Taboada Chivite

1960

Durante a década de 1960 foi reconstruído baixo a dirección do arquitecto Pons Sorolla, que contou co asesoramento do historiador e arqueólogo **Xesús Taboada Chivite**, un erudito de Verín moi recoñecido en Galicia que dedicou boa parte da súa vida á investigación do patrimonio cultural da comarca.

Monterrei: de póboa real a vila condal

En 1262 o rei sabio Afonso X, en contra da vontade dos monxes de Celanova, constrúe unha póboa real sobre o deshabitado Castro de Baroneci, que ata entón servía para delimitar os termos de Páos, Verín e Miño. Dalle o nome de Monterrei e pasa a ser un núcleo urbano fortificado ou *alcázar*. Será propiedade real e concello capital da súa administración na comarca ata o ano 1432.

Na primeira metade do s. XIV a vila ten unha nova muralla e fortaleza construída sobre a praza principal da vila, que servirá de residencia aos Zúñigas, Ulloas e Acevedos cando acceden ao señorío. Reformase o templo parroquial, establecece un convento franciscano extra muros e edifícanse novas casas con rúas de nomes diferentes. Constrúese un albergue "en que se collam os pobres e se críen os orfós".

Tiña dúas únicas portas, a do Arrabal ou San Francisco (ao norte) e a do Sol (ao sueste). Os seus habitantes eran canteiros, carniceiros, carpinteiros, ferreiros e zapateiros, un avogado, un cirurxán e dous comerciantes. A maiores a vila tiña escribáns e notarios, así como mil-

litares (soldados, escudeiros e cabaleiros) dirixidos por un alcaide.

Durante o s. XV Monterrei é centro político e símbolo do señorío condal, cunha función militar, política e rexistosa. Cedeira un mercado semanal e unha feira mensual, pero non consegue rivalizar con Verín, que concentra máis poboación e comercio. A vila é obxecto de litixio entre os Zúñiga e os Ulloa. Diego López de Zúñiga e o seu fillo Juan (1458-1474) converten o castelo nun palacio de estilo renacentista, constrúen un pozo e melloran as súas murallas.

No ano 1482 Sancho Sánchez de Ulloa, primeiro conde de Monterrei e Lemos, constrúe unha nova Torre da Homenaxe. A nova construción, visible desde toda a comarca, será o novo símbolo do poder condal. En 1491 Francisco de Zúñiga convértese en Conde de Monterrei (*1501) por resolución dos Reis Católicos, frustrando as pretensións de Sancho de Ulloa.

A principios do século XVI o rei vende a vila ao arcebispo compostelán don Alfonso de Fonseca por dez mil libras de maravedís. A intención do prelado foi cedella ao seu neto, don Alfonso de Acevedo y Zúñiga († 1559). Baixo o seu goberno fundáase o Colexio da Compañía de Monterrei, reactivase a economía da vila e lévanse a cabo numerosas obras. Á súa morte é enterrado en Monterrei e os xesuitas compoñen na súa memoria textos en latín, grego, hebreo, castelán, italiano, portugués e galego.

As ordenanzas da vila do século XVI elian os bens que eran obxecto de comercio na feira de Monterrei: viño, peixe -fresco e seco-, carne, aceite e candeas, froita, aves, caza, ovos e queixo. A normativa garda especial atención ás candeas, ao pan e á carne, lexislándose sobre o seu peso. Monterrei acolle o cárcere da xurisdición, situada xunto a porta de San Francisco, onde "suele haber mu-

As liñaxes do castelo

Ao igual que na fachada Leste do palacio, aquí figuran os brasóns das familias que ostentaron o señorío do castelo e o seu condado.

No encontro dos arcos sitúanse os brasóns dos **Zúñiga** (banda e brochante e unha cadea de oito elos colocada en orla), **Ulloa** (con escaques en forma de tres faixas horizontais), **Pimentel** (vieiras e faixas cunha bordura de castelos e leóns pasantes alternados), **Biedma** (coas súas caldeiras organizadas de tres en tres), **Acevedo** (co seu par de acivros e lobos) e **Fonseca** (cinco estrelas en aspa).



chos y muy grandes delinquentes por ser aquí la cabeza del estado."

A finais do s. XVI o conde Gaspar de Acevedo viaxa a América para exercer de virrey de Nueva España e o Perú e iníciase a decadencia da vila.

A Guerra de Independencia de Portugal (1640-1668) provoca a construción da Atalaia e de dous novos recintos defensivos arredor do castelo medieval dotados con portas e baluartes nos que se instalaron cañóns.

A mediados do s. XVII a fortaleza pasa a mans do duque de Alba. A principios do século XVIII, coincidindo coa guerra de Sucesión, constrúese a barreira que divide a vila do colexio dos Xesuitas, a sistema e o Baluarte do Sol. No ano 1735 unha nova guerra con Portugal obriga a remodelar de novo as murallas, convertendo a Monterrei, definitivamente, nunha fortaleza militar. En tempo de paz o espazo que separa a muralla medieval dos baluartes é aprofitado polo gobernador militar como horta propia, arrendando o terreo sobrannte para o mesmo fin.

Na década de 1750 o convento franciscano ten 32 relixiosos (27 deles curas), 13 xesuitas (9 curas) e 2 presbiteros dedicados a Sta María de Graza. A mediados dese século un informe militar define o castelo de Monterrei como unha "guarnición de soldados inbáridos". Na vila viven cerca de 300 habitantes, entre eles 6 zapateiros, 4 xastres, 4 canteiros, 2 barbeiros, 1 estafetero e 11 panta-

deiros (5 en exclusiva).

En 1764 constrúese a Atalaia e proxéctase a construción dun forte no Alto da Esculpeira ou San Salvador mais non sabemos se as obras chegaron ao seu fin. Os seus restos aínda eran visibles a mediados do s. XX.

En 1767 o rei Carlos III decreta a expulsión dos xesuitas do territorio da Coroa. Os 2 empregados laicos da botica conservan o seu traballo, pero o colexio entra en decadencia, quedando atendido por só 5 mestres. C colexio dos franciscanos colle o relevo e imparten aulas de filosofía, artes e teoloxía. Nesa altura a vila conta con 487 habitantes e Verín con 503.

A principios do século XIX, durante a Guerra de Independencia, Soult, o mariscal de Napoleón, ocupa

1513

Monterrei convértese definitivamente en **sede condal**, sendo entregada a don Alfonso de Acevedo y Zúñiga.

1223

O rei Afonso IX funda unha **póboa real** in castro de Berim, pero os monxes de Celanova, apoiados polo Papa, opoñense e conseguen derruíla.



Igrexa de Santa María de Graza

Portada norte 1274



Retablo románico da paixón


O retablo románico de granito que se sitúa na Capela dos Condes (construída cara a 1340), é unha das xoias do templo de Santa María de Graza. Nel nárrase a paixón de Cristo ao longo de doce escenas ordenadas de forma pouco convencional.

Cristo sentado no trono mostrado as chagas e feridas da súa paixón. Aparece cuberto por unha coroa gótica



As defensas da acrópole

A mediados do século XVII os conflitos bélicos con Portugal impoñen o reforzamento das defensas de Monterrei. Daquela constrúense novos baluartes, a Atalaia e o forte de San Salvador





o castelo, forzando a rendición do marqués de la Romana. De seguido marcha camiño de Portugal. No ano 1811 Monterrei deixa de ser capital do condado, que desaparece coa creación obrigatoria de concellos que establece a Constitución de Cádiz. A concesión de feiras a Laza (1816) e Cualedro (1818) supón un duro golpe para a de Monterrei, que exercía un monopolio.

A desamortización de Mendizabal de 1834 deixa a vila sen o hospital da Trindade e sen o convento de 44 franciscanos (entre eles 4 mestres e 11 escolares), que naquel entón vivían e daban aulas no edificio dos xesuítas, ao atoparse arruinado o seu propio desde, cando menos, o ano 1823.

A mediados do s. XIX o concello de Verín reutiliza a pedra do antigo colexio xesuíta para construír casas e beirarrúas. O pavimento do seu templo serviu para lousar a igrexa parroquial de Verín. Desmantébase tamén o antigo convento franciscano.

No ano 1857 Monterrei conta con 220 habitantes que viven en case 50 casas e Verín con 1429 grazas á súa localización e atractivo comercial.

O Castelo no Século das Luces



A vara da igrexa

No muro norte da igrexa parroquial pode verse unha incisión que se corresponde coa vara de medir propia da vila que, probablemente, date de principios do século XIV. A súa existencia evidencia a importancia do núcleo urbano en tanto que o sistema de pesas e medidas que alí rexen debían ser utilizadas en toda a comarca, actuando o concello como custodio. Así, nos ordenanzas da vila ditiñas en 1338 recóllense que *“los pesos y medidas son competencia del concejo, que las entrega a una persona que las guarda”*.



O espinario

Durante a Idade Media o sexo e o pene masculinos foron representados, en ocasións, de forma disimulada no esculturas. É o caso dos figuríns que forman parte dos denominados Espinarios, un conxunto de representacións labradas no exterior de moitos templos románicos (caso do Marcolí da catedral de Chartres ou do de Ourense) que presentan a un home sentado que, en aparencia, quita unha espiña do pé. A fin real do escultor é chamar á atención sobre o órgano sexual masculino visible baixo a túnica, como acontece nun dos entonzos da igrexa, coa intención de condar a luxuria.




A xanela da ábsida

Na xanela da ábsida pódense observar cruces de David e de Salomón, así como motivos castrexos. Desde o ano 1815 está documentada a presenza de xudeus en Monterrei dedicados ao préstamo de diñeiro, á cuxurda ou á cantaría. Tiveron cemiterio propio nas aforas da vila, nun alto coñecido como Outeiro dos Xudeus.


Torre de Don Sancho

Cinco andares. O acceso está no primeiro andar, para dificultar o asalto.



Torre das Damas

Era a torre da homenaxe orixinal. Integrouse máis tarde no Palacio dos Condes.



Plantas e alzados de Escoria e Cuzco Arquitectura

Hospital da Trindade

Loce esta inscrición do anno domini 1432: Vasco Perez (abade da Igrexa da Sra. Maria da Graza) fue fez. Año MCCCXXXIX

